

## UNIDADE DIDÁTICA

### MITOLOGÍA GRECOLATINA

(PRESENZA DA MITOLOGÍA GRECORROMANA NO LÉXICO)



*Apolo e as musas no monte Parnaso. Nicolas Poussin. Paul Getty Museum.*

INTRODUCCIÓN.....	4
OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE.....	4
CONTIDOS.....	5
SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS .....	6
METODOLOXÍA.....	6
CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	7
INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN .....	7
<b>OS DEUSES OLÍMPICOS E O LÉXICO ACTUAL .....</b>	<b>8</b>
“CRERSE O EMBIGO DO MUNDO” .....	8
“A MAZÁ DA DISCORDIA” .....	9
“CORNO DA ABUNDANCIA” .....	10
“SER O ANFITRIÓN”.....	12
“SER A PANACEA” .....	13
“CRERSE SAÍDO DO MUSLO DE XÚPITER” .....	14
<b>OS HEROES MÍTICOS E AS NOSAS LINGUAS.....</b>	<b>15</b>
“COLLER O TOURO POLOS CORNOS” .....	15
“O LEITO DE PROCRUSTES” .....	16
“A TÚNICA DE NESO”.....	18
“RISA SARDÓNICA”.....	19
“SER UNHA HARPÍA” .....	20
“SER UNHA QUIMERA” .....	22
“SÍNDROME DE MEDEA” .....	23
“A TORTURA DE SÍSIFO”.....	24

<b>AS FIGURAS MITOLÓXICAS NAS LINGUAS ACTUAIS</b> .....	25
“ESTAR EN BRAZOS DE MORFEO” .....	25
“ABRIR A CAIXA DE PANDORA” .....	27
“TER VISTA DE LINCE” .....	28
“SER PRESA DO PÁNICO” .....	29
“SER UN MIDAS” .....	30
<b>A LENDA DE TROIA E A SÚA PREZENZA NO NOSO LÉXICO COTIÁ</b> .....	31
“TER UNHA VOZ ESTENTÓREA” .....	31
“IR DE ESCILA A CARIBDE” .....	32
“TECER A TEA DE PENÉLOPE” .....	34
“ESCOITAR CANTOS DE SEREAS” .....	35
“SÍNDROME DE CASANDRA” .....	36
PROPOSTA DE ACTIVIDADES.....	38
BIBLIOGRAFÍA .....	41

---

## INTRODUCCIÓN

Nesta unidade didáctica pretendemos fundamentalmente o interese do alumnado polo mundo clásico. Aparte do pracer que en si mesmo supón o descubrimento dun mundo que é o berce da nosa civilización, o acercamento ás culturas grega e latina permitiralles ampliar o seu vocabulario e elevar a súa comprensión oral e escrita. A nosa misión como docentes de linguas clásicas é achegarlles o mundo grecolatino dun xeito sinxelo e facerlles saber que unha parte importante da nosa lingua ten referentes do mundo clásico que eles poden chegar a coñecer facilmente.

Con este propósito, nesta unidade didáctica recolleemos expresións lingüísticas que teñen detrás un trasfondo mitolóxico. Moitas destas expresións son curiosas e resultarán novidasas para algúns que, aínda coñecendo o trasfondo mitolóxico, non relacionaran nunca a expresión coa lenda. Outras usámolas con relativa frecuencia sen ser, en moitos casos, conscientes da súa procedencia. Os nosos contidos permitirán tamén comprobar que nalgúns casos as mesmas expresións non teñen o mesmo significado ou unha forma equivalente en galego, inglés e francés, aínda que se remiten ao mesmo mito.

### ¿PARA QUÉ CURSOS SE CONSIDERA ADECUADA?

A presente unidade didáctica consideramos que é adecuada para os alumnos de cuarto de ESO e que pode ser útil e práctica para as materias de LATÍN, CULTURA CLÁSICA, INGLÉS e FRANCÉS.

Nesta etapa educativa o alumno conta xa coa creatividade, madurez, abstracción e coñecementos previos necesarios que lle permiten sentirse interesado e motivado para adquirir dun xeito áxil e práctico os contidos e actividades que propoñemos. Consideramos que para que os alumnos acaden os coñecementos que desenvolvemos deben ter un nivel lingüístico e de uso das novas tecnoloxías medio, e isto só é posible no último curso desta etapa educativa.

---

## OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE

- Valorar a mitoloxía clásica como elemento unificador da cultura grecolatina e inspirador da cultura europea.
- Valorar a mitoloxía clásica como un importante compoñente da identidade e diversidade lingüística europea e favorecedor da cohesión social.
- Identificar, agrupar, segundo a distribución dos contidos que presentamos, e entender as principais escenas da mitoloxía grecolatina nas linguas actuais e a súa influencia artística.
- Comprender textos informativos e literarios que conteñan as expresións mitolóxicas que propoñemos na nosa unidade, recoñecéndolas como elementos comúns ás linguas máis usadas na Unión Europea e que son parte importante do noso currículo educativo.
- Mellorar a expresión oral e escrita e a comprensión lectora grazas á adquisición dun léxico básico procedente da mitoloxía clásica.
- Identificar elementos propios da mitoloxía grecolatina en outras culturas e outras linguas diferentes á nosa.
- Potenciar o interese pola aprendizaxe e o bo uso da lingua.

---

## CONTIDOS

Os contidos que propoñemos nesta unidade didáctica pretenden organizar dun xeito práctico e dinámico o amplo universo da mitoloxía clásica para facilitar ao noso alumnado a adquisición e ampliación dos coñecementos referidos a este eido. Deste xeito, comezamos polos aspectos máis xerais e coñecidos de todos, como son as escenas mitolóxicas que teñen como protagonistas aos deuses e aos heroes clásicos e, finalmente, centrámonos nos relatos míticos sobre figuras mitolóxicas e a lenda de Troia.

Os contidos que imos desenvolver son os seguintes:

1. Os deuses olímpicos e o léxico actual: *“crerse o embigo do mundo”, “a mazá da discordia”, “corno da abundancia”, “ser o anfitrión”, “ser a panacea”, “crerse saído do muslo de Xúpiter”*.

2. Os heroes míticos e as nosas linguas: “*coller o touro polos cornos*”, “*o leito de procrustes*”, “*a túnica de Neso*”, “*risa sardónica*”, “*ser unha harpía*”, “*ser unha quimeira*”, “*síndrome de Medea*”, “*a tortura de Sísifo*”.
3. As figuras mitolóxicas nas linguas actuais: “*estar en brazos de Morfeo*”, “*abrir a caixa de Pandora*”, “*ter vista de lince*”, “*ser presa do pánico*”, “*ser un Midas*”.
4. A lenda de Troia e a súa presenza no noso léxico cotiá: “*ter unha voz estentórea*”, “*ir de Escila a Caribde*”, “*tecer a tea de Penélope*”, “*escoitar cantos de sereas*”, “*síndrome de Casandra*”.

---

## SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Os contidos da nosa unidade didáctica foron secuenciados en función da súa pertenza aos distintos apartados que conforman o que coñecemos como *sociedade grecolatina*. Contribuímos con esta secuenciación á adquisición dun coñecemento asociativo e organizado dos contidos que propoñemos. Tratamos de organizalos dun xeito claro, breve e conciso, buscando un rápido achegamento aos principais conceptos obxecto da nosa unidade e posibilitando que o proceso de ensinanza- aprendizaxe resulte o máis eficiente posible.

No referido á temporalización, consideramos que son necesarias dúas sesións para unha correcta asimilación, comprensión e posta en práctica do aprendido por parte do alumno.

---

## METODOLOXÍA

Presentación aos alumnos das expresións de orixe mitolóxica cunha pequena explicación dos mitos aos que fan referencia.

Acompañamento das explicacións con ilustracións dos mitos que estamos a ver.

Ampliación do coñecemento das escenas mitolóxicas con lecturas apropiadas e presentando o material multimedia que acompaña a cada expresión.

Explicación da pegada que cada un dos episodios mitolóxicos estudados deixou nas linguas.

Elaboración de fichas por parte do alumnado onde queden reflectidas as expresións e a súa orixe.

Realización das actividades interactivas e das propostas na unidade de xeito individual ou colectivo.

Elaboración de traballos sobre a presenza das expresións estudadas en distintos eidos da cultura: na publicidade, prensa, obras literarias..., usando as fontes que recollemos como material multimedia de apoio e reforzo do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

---

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O alumno deberá ser capaz de comprender o significado e identificar a orixe mítica das expresións lingüísticas que propoñemos mediante a resolución das actividades elaboradas para esta unidade, tanto as interactivas como as que deberá presentar no seu caderno.

O alumno deberá poder explicar coas súas palabras os episodios mitolóxicos estudados na unidade nunha sinxela proba de coñecementos.

O alumno deberá mostrar unha habilidade media ou, polo menos, interese no uso das novas tecnoloxías a través da resolución das actividades interactivas e traballos de ampliación de coñecementos que terá que entregar como un documento de aula.

---

## INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN

Participación e implicación na realización das diferentes actividades.

Revisión dos cadernos de clase.

Sinxela proba sobre os contidos máis importantes da unidade.

Traballos individuais ou en grupo de ampliación dos contidos.

---

## UNIDADE DIDÁCTICA: REFERENTES MITOLÓXICOS NAS LINGUAS ACTUAIS

A unidade didáctica que propoñemos a continuación permitirá que os nosos alumnos adquiran e amplíen os seus coñecementos de mitoloxía clásica dunha maneira áxil e ilustrativa e que recoñezan a pervivencia deste amplo universo nas linguas e na cultura europea actual. Recollemos as expresións, o seu significado e a escena mitolóxica considerada a súa orixe en galego, francés e inglés.

---

### OS DEUSES OLÍMPICOS E O LÉXICO ACTUAL

#### “CRERSE O EMBIGO DO MUNDO”

**GALEGO:** “crerse o embigo do mundo”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** emprégase para indicar que unha persoa ou un lugar son o centro do mundo. Ás veces tamén implica pensar que un é o máis importante en detrimento dos demais. Actuar con egolatría.

**ORIXE:** remóntase ao ónfalo, pedra que se veneraba no templo de Apolo en Delfos. Segundo a lenda, era a pedra que lle deu Rea a Cronos en lugar do seu fillo Xúpiter. Delfos era considerado o centro do mundo e ata alí acudían peregrinos de toda Grecia buscando respostas de parte do oráculo.



*Ónfalo de Delfos. Museo de Delfos.*

**ENGLISH WORD:** “the navel of the world”.



**CURRENT MEANING:** we use this idiom to refer to a person or some place that is considered as the center of the world or the universe. Sometimes also involves thinking that someone is more important at the expense of the others. When someone behaves with ego.

**ORIGIN:** it has the origin in the omphalos, a sacred conical stone venerated in the temple of Apollo at Delphi. According to the legend, it was the stone given by Hera to Cronos instead of his son Jupiter. Delphi was considered as the center of the world and pilgrims from all over the world came here looking for answers.

**FRANÇAIS:** "se prendre pour le nombril du monde".

**SIGNIFICACION ACTUELLE :** on emploie cette expression pour faire référence à quelqu'un qui accorde à sa personne une importance excessive ou qui ramène tout à lui-même.

**ORIGINE :** on fait référence à l'omphalos, pierre qu'on venerait dans le sanctuaire d'Apollon à Delphes, lequel était considéré comme le centre du monde. On croyait que l'omphalos était la pierre que Gea avait donné à manger Cronos quand elle a voulu sauver son fils Zeus d'être mangé par son père.

**"A MAZÁ DA DISCORDIA"**

**GALEGO:** "a mazá da discordia".

**SIGNIFICADO ACTUAL:** emprégase para aludir a una persoa ou situación que motiva discordia ou malestar.

**ORIXE:** fai referencia á deusa Discordia, a única que non foi convidada ós esposais de Tetis e Peleo. En vinganza presentouse no banquete e chimpou ó chan unha mazá na que podía lerse a inscrición: "*para a máis fermosa*". Hera, Atenea e Venus dispútanse este honor e Zeus decide que sexa o príncipe Paris quen as xulgue.

**ENGLISH WORD:** "the apple of discord".

**CURRENT MEANING:** it's used to make reference to a person or situation that is cause for dispute.

**ORIGIN:** it alludes to the goddess Discord, the unique goddess who was not invited to the wedding of Peleus and Tetis. In revenge she presented at the banquet and threw to the ground an apple with the inscription “*for the most beautiful*”. Hera, Athena and Aphrodite compete for this honor and Zeus decides to allow the Prince Paris to judge them.



*As vodas de Tetis e Peleo. Jakob Jordaens. Museo do Prado.*

**FRANÇAIS:** “la pomme de discorde”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** avec cette expression on fait référence au sujet d’une dispute.

**ORIGINE:** on remonte à la déesse Discorde, la seule qui n’a pas été invitée aux fiançailles de Thetis et Pelée. Pour se venger de cet affront elle se présente au repas de noces et jette au sol une pomme d’or à laquelle on pouvait lire l’inscription: “*a la plus belle*”. Héra, Aphrodite et Athéna se disputent le fruit et Zeus décide que ce soit le prince Paris qui les juge.

**“CORNIO DA ABUNDANCIA”**

**GALEGO:** “corno da abundancia”, “cornucopia”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** símbolo de abundancia e de prosperidade.

**ORIXE:** faise referencia ó corno da cabra Amaltea, que alimentou a Zeus mentres permanecía agachado na illa de Creta. Un día, xogando cos seus raios, Zeus escachou o corno da cabra e, en compensación, concedeulle o don de proporcionar sempre alimentos e bebida ao posuidor do corno.

Segundo outra versión, Heracles tivo que enfrontarse con Aqueloo polo amor de Deianira. Nesta disputa Aqueloo tomou a aparencia dun touro para embestir ao semideus, mais Heracles non tivo problemas para derrotalo e rompeulle un corno, do que manaban sen cesar alimentos e bebidas.



*Abundancia (abundantia) (1577-1640). Peter Paul Rubens.*

**ENGLISH WORD:** “the horn of plenty”, “cornucopia”.

**CURRENT MEANING:** it’s a symbol of abundance and prosperity.

**ORIGIN:** this expression refers to the horn of the goat Amalthea that fed Zeus while he was hidden in the Crete Island. One day, playing with his lightnings, Zeus broke the horn of the goat and, in compensation, gave her the divine gift of providing always with food and drink to the owner of the horn.

**FRANÇAIS:** “corne d’abondance”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** source de richesse inépuisable.

**ORIGINE:** on fait référence à la corne de la chèvre Amalthée, laquelle a nourri Zeus tandis qu’il restait caché dans l’île de Crète. Un jour le héros lui cassa la corne pendant qu’il jouait avec ses rayons et, en compensation, il a fait que de la corne surgissent sans cesse des aliments et des boissons.



*A infancia de Xúpiter.* Nicolas Poussin. Dulwich Picture Gallery.

### “SER O ANFITRIÓN”

**GALEGO:** “ser o anfitrión”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** convidar e recibir a alguén hospitalariamente na nosa casa.

**ORIXE:** mentres o verdadeiro Anfitrión estaba ausente na guerra, Zeus tomou a súa aparencia e uniuse á súa esposa Alcmena. Desta unión naceu Hércules. Máis adiante, volveu o marido e enxendrou a Ificles, xemelgo de Hércules. No *Anfitrión* de Molière o criado Sosias di tras uns momentos de desconcerto: “o verdadeiro Anfitrión é o que nos convida á súa mesa”.

**ENGLISH WORD:** “amphitryon”.

**CURRENT MEANING:** today this name has come to be used with the significance of good host or a generous entertainer.

**ORIGIN:** while the real Amphitryon was absent in the war, Zeus took his appearance and joined his wife Alcmena. From this union was born Heracles. Later, returned his husband and conceived Ificles, twin of Hercules. In the Molière’s *Amphitryon*, the servant Sosias said after a few moments of confusion: “the real Amphitryon is who invites us to his table”.

**FRANÇAIS:** “être un amphitryon”.

**SIGNIFICACION ACTUELLE:** inviter et recevoir quelqu'un hospitalièrement à la maison.  
Être un hôte généreux.

**ORIGINE:** tandis que le vrai Amphitryon était absent dans la guerre, Zeus a pris ses traits et s'est uni avec son épouse Alcmène. De cette union Hercule est né. Plus tard le mari est retourné à la maison et il a engendré Ificles, jumeau d'Hercule. À l'*Amphitryon* de Molière, le domestique Sosias dit après des moments de confusion: "le vrai Amphitryon est celui que nous convie à sa table".



*Anfitrión comproba que Hércules non é fillo seu vëndolle matar as serpes. Fresco da casa dos Vettii (Pompeia).*

### **"SER A PANACEA"**

**GALEGO:** "ser a panacea".

**SIGNIFICADO ACTUAL:** alúdese a algo ou alguén que é capaz de curar ou arreglar todo.  
O remedio de todos os males e problemas.

**ORIXE:** Panacea era a filla do deus da medicina, Asclepio, fillo á súa vez de Apolo. Cura aos homes coa axuda das plantas.

**ENGLISH WORD:** "be a panacea".

**CURRENT MEANING:** it alludes to something or someone that is able to cure or fix everything. A remedy or solution for all diseases or difficulties.

**ORIGIN:** Panacea was the daughter of Asclepius, who in turn was the son of Apollo, the god of medicine. She can treat human beings with the help of the plants.

**FRANÇAIS:** “une panacée”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** c’est une solution capable de résoudre toute difficulté.

**ORIGINE:** Panacée est une déesse, fille de Asclépios. Elle donne aux hommes des remèdes par les plantes.



*Panacea axuda a un enfermo.* Detalle dun gravado do médico veronés J. Gazola. 1716.

“CRERSE SAÍDO DO MUSLO DE XÚPITER”

**GALEGO:** “crerse saído do muslo de Xúpiter”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** alúdese a alguén con ínfulas de grandeza, que se cre especial e superior aos demais.

**ORIXE:** a instancias de Hera, Sémele pediulle a Zeus que se unise con ela con todos os seus atributos. Sémele morreu carbonizada e entón Zeus rescatou o bebé que ela le-

vaba dentro e meteuno no seu muslo, onde completou o seu desenvolvemento. Dez meses despois naceu Dioniso.



*Alimentación de Dionisos. Artista romano. Palazzo Massimo alle Terme.*

**FRANÇAIS:** “se croire sorti de la cuisse de Jupiter”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** croire qu'on est remarquable, exceptionnel. S'enorgueillir d'une illustre origine. Avoir la tendance à se prendre pour un dieu vivant

**ORIGINE:** sur la requête d'Hera, Sémele a demandé à Zeus de s'unir avec elle avec tous ses attributs. Sémele est mort carbonisée et alors Zeus a sauvé le fils qu'elle portait et l'a mis dans sa cuisse. Dix mois après Dioniso est né.

---

## OS HEROES MÍTICOS E AS NOSAS LINGUAS

**“COLLER O TOURO POLOS CORNOS”**

**GALEGO:** “coller o touro polos cornos”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** afrontar os problemas en vez de tentar escapar deles.

**ORIXE:** dende a antigüidade o touro foi o símbolo da forza e tamén do perigo. No seu sétimo traballo, Hércules tivo que enfrontarse a un touro e capturalo vivo. Conseguiu-no saltando sobre el e agarrándolle fortemente os cornos.

**ENGLISH WORD:** “to take the bull by the horns”.


**CURRENT MEANING:** face the difficulties rather than escape them.

**ORIGIN:** since ancient times the bull was the symbol of the strength and also the danger. In his seventh work, Hercules had to fight with a bull and capture it alive. He got it by jumping over it and grabbing strongly its horns.

**FRANÇAIS:** “prendre le taureau par les cornes”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE :** faire face aux difficultés.

**ORIGINE :** depuis l'antiquité le taureau a été le symbole de la force et aussi du danger. Dans son septième travail Héraclès avait la tâche de capturer un taureau vivant. Il y parvint en sautant sur lui et en lui saisissant les cornes.



*Hércules e o touro de Creta. Museo do Louvre.*

### “O LEITO DE PROCRUSTES”

**GALEGO:** “o leito de Procrustes”, “procústeo”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** simboliza o conformismo e a uniformización, un estándar arbitrario. Algo *procústeo* oponse a ergonómico, é dicir, é o home o que debe adaptarse aos obxectos e non ao revés.

**ORIXE:** Procrustes era un bandido que actuaba no itsmo de Corinto. Tendía as súas vítimas nun leito de ferro e, se sobresaían deste, mutilábaos cortándolles as extremidades e, se non alcanzaban a medida, estirábaas con cordas ata que acadaban a lonxi-



tude do leito. Morreu a mans de Teseo, quen o someteu á mesma tortura que el inflía ás súas vítimas.

**ENGLISH WORD:** “a Procrustean bed”, “the bed of Procrustes”, “procrustean”.

**CURRENT MEANING:** it symbolizes the conformism and an arbitrary standard. It opposes to ergonomic, i.e., someone who has to adapt to objects and not viceversa. In general, when something is procrustean, different lengths or properties are fitted to an arbitrary standard.

**ORIGIN:** Procrustes was a bandit who acted in the isthmus of Corinth. He attacked people by stretching them or cutting their legs off, so that he forced them to fit the size of an iron bed. He was killed by Theseus, who submitted it to the torture to which he had subjected their victims.



*Teseo e Procrustes.* Lado A dunha ánfora ática de figuras vermellas. 470 a. C.

**FRANÇAIS:** “le lit de Procuste”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** symbolise la volonté d’imposer un modèle, une unification. On fait aussi référence à un supplice douloureux et tyrannique.

**ORIGINE:** Procruste était un brigand qui faisait ses victimes s'étendre sur un lit de fer et après il étirait leurs membres au moyen de cordages ou les coupait les pieds pour les mettre à la mesure du lit.

#### “A TÚNICA DE NESO”

**GALEGO:** “a túnica de Neso”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** fai alusión a unha dor da que non se pode fuxir.

**ORIXE:** remóntase a unha historia de amor e ciumes. Cando o centauro Neso tentou violar a Deianira, o seu esposo Heracles feriuno cunha frecha e impediu a felonía. Neso, cando estaba a punto de morrer, deulle a Deianira un pouco do seu sangue, asegurándolle que con ela podería preservar o amor da súa parella. Cando máis adiante Deianira dubida do amor de Heracles, rocía co seu sangue a túnica do seu home, quen ve como comeza a queimarse a súa pel cando a túnica roza o seu corpo, morrendo de forma lenta e dolorosa.

**ENGLISH WORD:** “the shirt of Nessus”, “Tunic of Nessus”, “Nessus-robe”, or “Nessus` shirt”.

**CURRENT MEANING:** it represents a source of misfortune from which there is no escape; a destructive influence.

**ORIGIN:** it comes from a story of love and jealousy. When the centaur Nessus attempted to rape at Deianeira, her husband Heracles wounded him with an arrow, stopping the felony. Nessus, as he lay dying, gave a bit of his blood to her, telling her that his blood would ensure that Heracles would be true to her forever. Later, when Deianeira doubted the love of him, she spread the centaur's blood on a tunic and gave it to her husband. The tunic burnt his skin and died slowly and painfully.

**FRANÇAIS:** “la tunique de Nessus”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** fait allusion à des passions destructrices.

**ORIGINE:** blessé par Hercule, le centaure Nessus se vengea en offrant à Déjanire son sang, avec lequel elle pouvait ramener son époux infidèle. Mais au lieu de cela, quand

Déjanire frotte la tunique d'Héraclès avec le sang de Nessus, son époux éprouve une terrible douleur et préfère mourir en se brûlant lui-même sur le mont Oeta.



*Rapto de Deianira.* Guido Reni. Museo do Louvre.

### “RISA SARDÓNICA”

**GALEGO:** “risa sardónica”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** risa maliciosa, irónica ou sarcástica.

**ORIXE:** remóntase á lenda de Talos. Este era un xigante de bronce a quen Minos encargara a misión de protexer as costas de Creta e impedir que chegasen estranxeiros. Se algún conseguía chegar, tiña que superar o abrazo candente de Talos, despois de que este introducise o seu corpo metálico no lume. Tal abrazo recibiron os sardos e de aí provén a expresión, xa que mentres os abrazaba, Talos ría de maneira feroz.

**ENGLISH WORD:** “a sardonic smile or laugh”.

**CURRENT MEANING:** a malignant, ironic or sarcastic smile or laugh.

**ORIGIN:** it has its origin in the legend of Talos. This was a giant man of bronze who Minos had entrusted the mission of protecting the coasts of Crete from foreigners and pirates. If someone could get, he had to overcome the hot embrace of Talos, after in-

roducing his metal body in fire. Such embrace suffered the Sardinians and from this mythical episode comes this expression, because, while held them, he laughed fiercely.

**FRANÇAIS:** “rire sardonique”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** rire porté par l’ironie et la méchanceté.

**ORIGINE:** Talos était un automate de bronze a qui Minos avait chargé de protéger les côtes de Crète et d'empêcher qu'arrivent des étrangers. Si quelqu’un réussissait à arriver, il avait à supporter l’embrassade de Talos, après que celui-ci submergeait son corps métallique dans le feu. Telle embrassade ont reçu les sardes et de là cette expression, puisque tandis qu'il les prenait dans les bras, Talos riait d'une manière féroce.



*Talos representado como un home novo espido e alado, armado cunha pedra*

Didracma de prata de Festos, Creta (c. 300/280-270 a. C.). Anverso.

**“SER UNHA HARPÍA”**

**GALEGO:** “ser unha harpía”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** este termo úsase frecuentemente para facer referencia a unha muller desagradable e molesta que actúa con mala vontade.

**ORIXE:** as Harpías eran uns monstros devastadores con rostro de muller e ás e corpo de aves de rapiña. Tiñan como misión levar as almas, sobre todo as dos nenos, aos

Infernos. Nun dos episodios dos Argonautas, lanzábanse sobre os manxares do rei Fíneo e deixaban a súa comida chea de excrementos.

**ENGLISH WORD:** “be a harpy”.

**CURRENT MEANING:** this term is often used to refer to a nasty and annoying woman that behaves badly.

**ORIGIN:** the Harpies were devastating monsters with face of woman and wings and body of bird of prey. They had as mission lead the souls, especially those of children, to Underworld. In one of the episodes of the Argonauts, they threw on the delicacies of Phineas and made dirty his food with their excrementos.



*Eneas e os seus compañeiros loitando contra as Harpías.* François Perrier. Museo do Louvre.

**FRANÇAIS:** “être une harpie”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** avec cette expression on désigne une femme méchante, acariâtre.

**ORIGINE:** les Harpies étaient des monstres dévastateurs à corps de rapace, aux griffes acérées et à têtes de femmes. Elles avaient la mission d'amener les âmes des morts aux Enfers. Dans le mythe de Phinée ils se lançaient sur les mets du roi et laissaient la nourriture perdue avec ses excréments.

## “SER UNHA QUIMERA”

**GALEGO:** “ser unha quimera”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** fai referencia a algo imaxinario, irreal, a un soño.

**ORIXE :** a Quimera era un monstro mitolóxico con cabeza de león, corpo de cabra (de aí a súa etimoloxía), e cola de serpe. Foi vencida polo heroe Belerofonte cunha lanza con punta de chumbo.

**ENGLISH WORD:** “a chimera”.

**CURRENT MEANING:** the term *chimera* has come to describe anything imaginative or implausible, a dream.

**ORIGIN:** the Chimera was a monster of classical mythology, commoly represented with lion’s head, goat’s body and a serpent’s tail. It was defeated by the hero Belerofonte with a lead-tipped spear.



*Quimera nun prato de Apulia con figuras vermellas. 350-340 a. C. Museo do Louvre.*

**FRANÇAIS:** “chimère”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** on fait référence à une idée ou un projet qui n’existent que dans un monde imaginaire et irréel.


**ORIGINE:** la Chimère était un monstre avec tête de lion, corps de chèvre et queue de serpent. Elle a été vaincue par l’heros Bellerophon.

## “SÍNDROME DE MEDEA”

**GALEGO:** “síndrome de Medea”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** padecen a síndrome de Medea aquelas mulleres que son capaces de facer dano aos seus propios fillos para vingarse dos seus maridos.

**ORIXE:** Medea era unha feiticeira que casou con Xasón, tras axudalo a conseguir o vélaro de ouro. Máis adiante, Xasón abandonouna para unirse coa princesa Creusa, filla do rei de Corinto. Medea, loca de ciumes, matou a Creusa e aos seus propios fillos, xa que era a máis terrible maneira de causar dano ao seu marido.



*Medea furiosa.* Eugène Delacroix.

**ENGLISH WORD:** “the Medea syndrome” or “Medea complex”.

**CURRENT MEANING:** it alludes to the mother’s compulsion to kill her children, arising from a desire for revenge on her husband.

**ORIGIN:** in Greek mythology Medea was an enchantress who married Jason after helping him to get the Golden Fleece. Later Jason abandoned Medea for Creusa, the king’s daughter, so Medea, crazy with jealousy, killed Creusa and her children, because it was the most terrible way to damage her husband.

**FRANÇAIS:** “complexe de Médée”.

**SIGNIFICACION ACTUELLE:** cette expression fait référence aux femmes qui cherchent à punir leur mari en s'en prenant à leurs enfants.

**ORIGINE:** Médée a aidé Jason à conquérir le toison d'or. Mais Jason tombe amoureux de Créuse, la fille du roi, et il se marie avec elle, répudiant Médée. Celle-ci se venge en tuant de ses mains sa rivale et les enfants qu'elle avait eus avec Jason.

### “A TORTURA DE SÍSIFO”

**GALEGO:** “a tortura de Sísifo”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** fai alusión a un traballo penoso que é inútil porque non ten nin terá nunca fin.

**ORIXE:** os deuses condenaran a Sísifo no Inferno a subir sen cesar unha rocha ata o cumio dunha montaña, pero cando chegaba arriba a rocha volvía a caer polo seu propio peso, obrigándoo a comezar de novo.



*Sísifo.* Tiziano. Museo do Prado.

**ENGLISH WORD:** “Sisyphian task”.

**CURRENT MEANING:** nowadays this myth is used as a representation of a life meaningless because it consists of bare repetition.



**ORIGIN:** the gods punished Sisyphus in the Underworld to climb unceasingly a rock to the top of a mountain, however, when he could reach the top, the huge stone would always roll back down, forcing him to begin again.

**FRANÇAIS:** “le rocher de Sisyphe”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** on fait référence à un travail pénible mais inutile.

**ORIGINE:** cette expression fait allusion à Sisyphe, qui était condamné à pousser éternellement un rocher jusqu’au sommet d’une montagne. Mais quand il y parvenait, le rocher dévalait à nouveau la pente obligeant Sisyphe à sans cesse recommencer ce pénible travail.

---

## AS FIGURAS MITOLÓXICAS NAS LINGUAS ACTUAIS

### “ESTAR EN BRAZOS DE MORFEO”

**GALEGO:** “estar en brazos de Morfeo”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** estar durmido.

**ORIXE:** Morfeo era un dos Oniros, os mil fillos que enxendraron Nicté e Hipno. Representábase como un mozo novo con ás que simbolizaban a súa capacidade de percorrer todo o mundo velozmente, cun espello na man e cunhas follas de adormideira. Tiña a facultade de adoptar a forma de seres humanos e aparecerse en soños ás persoas durmidas creándolles fantasías oníricas.

A imaxe dunha persoa durmindo nos brazos fortes de alguén é un referente clásico na literatura e remite precisamente á esta imaxe dos brazos fortes de Morfeo. O nome Morfeo vén do grego *morphé* “forma”, xa que este deus podía adquirir distintas formas. Mantense no noso vocabulario en termos como “morfina”, alcaloide con propiedades soporíficas procedente da adormideira.

**ENGLISH WORD:** “be in the arms of Morpheus”.

**CURRENT MEANING:** it means to be asleep.

**ORIGIN:** Morpheus was the main of the Oneiroi, the thousand sons engendered by Nictē e Hypnō. He was represented as a young man with wings that symbolize their ability to travel the world quickly, with a mirror in his hand and with a few leaves of poppy. He has the ability to take any human form and appears in dreams to sleeping people creating dreamlike fantasies.

The image of a person sleeping in the strong arms of someone is a classical reference in the literature and it refers precisely to the image of the arms of Morpheus. The name of Morpheus comes from the Greek term *morphé* “form”, because this god could take different forms. The name of this god stays in our vocabulary in terms as “morphine”, and alkaloid extracted from the poppy with sleep-inducing characteristics.



*Morfeo coa forma de Ceix aparécese a Alcíone. Gravado de Bauer para as Metamorfoses de Ovidio, libro XI, 633-676.*

**FRANÇAIS:** “dans les bras de Morphée”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** dormir profondément.

**ORIGINE:** cette expression fait référence à Morphée, dieu des rêves et des songes, fils de la Nuit et du Sommeil. Il est souvent représenté avec des ailes qui lui permettent de voler, tenant un miroir à la main et des pavots soporifiques qui donnent le sommeil en touchant une personne. Il pouvait prendre des formes humaines différentes. Pour se présenter aux mortels, il se transforme en êtres chers (d'où son nom signifiant

“forme”), permitindo aos mortais o espaço d'un instante de saír das maquinacións dos deuses.

### “ABRIR A CAIXA DE PANDORA”

**GALEGO:** “abrir a caixa de Pandora”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** úsase cando unha persoa descobre algo negativo por curiosidade, ben de maneira accidental ou por premeditación.

**ORIXE:** remítese ao mito de Pandora, a primeira muller. Foi modelada por Hefesto por orde de Zeus para castigar aos homes, despois de que Prometeo ousara roubarlles o lume ós deuses. Pandora abriu unha caixa na que estaban encerrados todos os males, deste xeito os males espalláronse polo mundo e na caixa quedou soamente a esperanza, da que dicimos que é o último que se perde.



*Pandora.* Dante Gabriel Rossetti.

**ENGLISH WORD:** “to open Pandora’s box”.

**CURRENT MEANING:** it means to perform an action that may seem innocent, but that turns out to have negative consequences.

**ORIGIN:** this expression is taken from the myth of Pandora’s creation, the first woman in Greek mythology. She was shaped by Hephaestus by order of Zeus as a part of the punishment of humanity for Prometheus’ theft of the secret of fire. Pandora opened

the box releasing all the evils of humanity, so that the evils spread all over the world, leaving only Hope inside, and we think that it is the last thing we lose.

**FRANÇAIS:** “ouvrir la boîte de Pandore”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE :** déclencher des catastrophes par imprudence.

**ORIGINE:** Pandore était la première femme de l’humanité, créée par Zeus pour punir les mortels. Zeus lui donne une boîte renfermant tous les maux, mais la curiosité fait que Pandore ouvre la boîte et les maux se répandirent sur la terre, seul resta l’espérance à l’intérieur.

“TER VISTA DE LINCE”

**GALEGO:** “ter vista de lince”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** dise de alguén que ten moi boa vista. En sentido figurado, significa ver as cousas claras nos negocios.

**ORIXE:** alúdese ao heroe grego Linceo (un Argonauta) que xunto co seu irmán Idas enfrontouse cos Dióscuros, Cástor e Pólux. Linceo tiña a facultade de poder ver a través dos corpos opacos, por eso viu aos Dióscuros agachados detrás dunha árbore. Tamén participou na cacería do xabarín de Calidón e na expedición do vélaro de ouro.

**ENGLISH WORD:** “lynx-eyed”.

**CURRENT MEANING:** it’s used to refer to someone who has acute sight or keen vision. In figurative language, it means to see clearly things in the business.

**ORIGIN:** this term refers to Greek hero Lynceus (an Argonaut) who along with his brother Idas, faced to Dioskouri, Castor and Pollux. Lynceus was able to see through the opaque bodies, so he could see Dioskouri hidden behind a tree. He also took part in the hunt of Calydonian wild boar and the expedition of Golden Fleece.

**FRANÇAIS:** “avoir des yeux de lynx”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE** : avoir un regard très vif et très perçant. Avec un sens figuré cette expression signifie voir clair dans les affaires, dans les desseins ou dans les pensées d'autrui.

**ORIGINE**: on fait allusion à Lyncée, héros mythologique et pilote des Argonautes, célèbre pour sa vue qui traversait les corps opaques. Lyncée et son frère se sont affrontés avec les Dioscures et grâce à sa vue ils les ont vaincus.

**“SER PRESA DO PÁNICO”**

**GALEGO**: “ser presa do pánico”.

**SIGNIFICADO ACTUAL**: ter moito medo, sentimento abrumador de ansiedade e terror.

**ORIXE**: segundo a mitoloxía, os persas fuxiron na batalla de Maratón presas do pánico que sentían ante o deus Pan. Este deus tiña a parte de arriba do corpo de home e a parte inferior de macho cabrío, un apetito sexual incansable e un gran afán por perseguir as ninfas, ás que tiña atemorizadas, de aí a identificación deste deus co temor.



*Pan ensina a Dafne a tocar a caramela (a fruta de Pan). C. 100 a. C. Escultura atopada en Pompeia.*

**ENGLISH WORD:** “be panicking”.

**CURRENT MEANING:** to feel much fear, an overwhelming feeling of anxiety and terror.

**ORIGIN:** according to mythology, the Persians run away from the Marathon battle frightened by the God Pan. This God had the upper part of the body of man and legs and horns of a goat, a tireless sexual desire and a great desire to harass nymphs, that were frightened by him, hence the identification of this God with terror.

**FRANÇAIS:** “panique”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** crainte, peur.

**ORIGINE:** fait référence au dieu Pan. Selon la mythologie, les Persans ont fui dans la bataille de Maratón emprisonnés par la panique qu'ils sentaient devant ce dieu. Pan avait la partie du haut du corps d'homme et la partie inférieure de mâle caprin, un appétit sexuel infatigable et un grand goût pour poursuivre les nymphes.

“SER UN MIDAS”

**GALEGO:** “ser un Midas”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** fai referencia á persoa que acada facilmente éxito e ganancias en tódolos proxectos que emprende.

**ORIXE:** o deus Dioniso, en pago por ter tratado a Sileno con hospitalidade, concedeu-lle ao rei Midas o desexo que quixera. Este pediu-lle que todo o que tocara se convertise en ouro. Así foi, pero tamén a comida e a bebida se convertían en ouro, polo que Midas, farento e sedento, suplicou ao deus que lle fose retirado o don. Dioniso díxolle que lavara as mans e a cara na fonte do río Pactolo e así o don quedou transferido a este río.

**ENGLISH WORD:** “the Midas touch”, “the Golden touch”.

**CURRENT MEANING:** it refers to a person who has the ability to be successful and make money easily in any project undertaken.

**ORIGIN:** the God Dioniso, in payment for having treated Silenus with hospitality, granted the Phrygian King Midas the desire he would like to. He asked that everything he touched turned into gold. And that's how it was, but also the food and the drink turned into gold, so Midas, hungry and thirsty, pray to God that the gift was withdrawn. Dionysus told him to wash his hands and face in the source of the Pactolo River and thus the gift was transferred to this river.



*Midas e Baco.* Nicolas Poussin. Schloss Nymphenburg.

**FRANÇAIS:** “toucher le Pactole”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** devenir très riche.

**ORIGINE:** Midas, le roi de Phrygie, avait reçu de Dionysos le don de transformer en or tout ce qu’il touchait. Mais il ne comptait pas que sa nourriture et sa boisson allaient se transformer en or et qu’il pouvait mourir de soif et de faim. Il demande Dionysos d’annuler son vœu et il l’obtient en se baignant dans le Pactole, qui devient après une rivière célèbre par ses sables aurifères qui font après la richesse de Cressus.

---

## A LENDA DE TROIA E A SÚA PRESENZA NO NOSO LÉXICO COTIÁ

“TER UNHA VOZ ESTENTÓREA”

**GALEGO:** “ter unha voz estentórea”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** utilízase esta expresión para facer referencia a unha persoa que fala cun volume de voz moi elevado. Voz retumbante, potente, ruidosa e adecuada para pronunciar discursos a grandes multitudes.

**ORIXE:** remóntase ao heraldo da *Iliada* Esténtor, que segundo Homero tiña unha voz igual á de cincuenta homes xuntos.

**ENGLISH WORD:** “stentorian voice or tone”.

**CURRENT MEANING:** this expression is used to refer to a person who speaks in a very loud or powerful tone. Booming, powerful, loud and suitable for giving speeches to large crowds.

**ORIGIN:** it comes from Stentor, a herald in the Trojan War, whose voice was described by Homer as the voices of fifty men together.

**FRANÇAIS:** “avoir une voix de Stentor”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** personne qui a une voix puissante.

**ORIGINE:** Stentor était un guerrier grec qui apparaîait dans *l'Iliade* de Homère. Sa voix d'airain lui permettait de crier avec la force de cinquante hommes unis.

### “IR DE ESCILA A CARIBDE”

**GALEGO:** “ir de Escila a Caribde”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** expresión que significa saír dun perigo para meterse noutro peor. Pode ser sinónimo de “dilema”.


**ORIXE:** Escila e Caribde son dous perigosos escollos mariños convertidos en monstros pola mitoloxía grega que aparecen na *Odisea* de Homero. Estes monstros estaban situados en lados opostos da costa de Italia e supuxeron para Ulises e os seus compañeiros superar un perigo para meterse noutro peor.

**ENGLISH WORD:** “between Scylla and Charibdis”.



**CURRENT MEANING:** being between Scylla and Charibdis is an idiom deriving from Greek mythology used to refer to a situation involving two dangers in which an attempt to avoid one increases the risk from the other. We can also use “dilemma” with the same meaning.

**ORIGIN:** Scylla and Charibdis are two mythical sea monsters which are noted by Homer in his work *Odyssey*. These two monsters were located on opposite sides of the coast of Italy and involved for Ulyses and his colleagues to overcome a danger to get into another worse.



*Odiseo ante Escila e Caribde.* Johann Heinrich Füssli.

**FRANÇAIS:** “tomber de Charybde en Scylla”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE :** n’échapper à un danger ou un inconvénient que pour se frotter à un autre encore plus grave.

**ORIGINE :** Charybde et Scylla étaient deux dangers du détroit de Messine, le premier un tourbillon et le second un écueil. Les marins qui cherchaient à éviter le premier allaient périr en s’écrasant sur le second. On peut connaître leur histoire dans l’*Odyssee* d’Homère.

## “TECER A TEA DE PENÉLOPE”

**GALEGO:** “tecer a tea de Penélope”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** facer algo inútil e que nunca remata.

**ORIXE:** mentres Ulises non regresaba da guerra de Troia, Penélope entretiña aos pretendentes ao trono de Ítaca prometéndolles que elixiría a un deles cando rematase unha tea que estaba tecendo. Non obstante, a tea nunca remataba pois Penélope desfacíaa pola noite.



*Penélope e os pretendentes. John William Waterhouse.*

**ENGLISH WORD:** “weaving the Penelope’s fabric”, “weaving Penelope’s cloth”.

**CURRENT MEANING:** to do something useless and that is never ending.

**ORIGIN:** while Ulysses did not return from the Trojan war, Penelope entertained the suitors to the throne of Ithaca promising that she would choose one of them when she finished the cloth that was weaving. However, the cloth never ended because Penelope undid it in the evening.

**FRANÇAIS:** “faire un travail de Pénélope”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** faire un travail inutile et qui consiste à defaire sans cesse ce que l’on a fait.

**ORIGINE:** tandis qu'Ulysse ne rentrait pas de la guerre de Troie, Pénélope occupait les prétendants au trône les promettant choisir à un d'entre eux quand il finisse un linceul qu'arrangeait. Cependant le linceul ne se terminait jamais car Pénélope le défaisait le soir.

**“ESCOITAR CANTOS DE SEREAS”**

**GALEGO:** “escoitar cantos de sereas”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** escoitar algo que atrae irremediabilmente aínda que é potencialmente dañino e perigoso.



*Ulyses e as sereas.* Herbert James Draper.

**ORIXE:** na mitoloxía clásica as Sereas atraían cos seus cantos aos mariñeiros, facéndolles perder o control dos seus barcos. O único que puido escoitalas e se salvou foi Ulyses, que grazas ao seu enxeño atouse ao mastro do navío.

**ENGLISH WORD:** “siren song”, “siren call”.

**CURRENT MEANING:** the appealing allure that something has although it is potentially harmful or dangerous.

**ORIGIN:** in classical mythology the sirens attracted sailors with their songs, causing them to lose control of their vessels. The only one who could hear and be saved was Ulysses, who, thanks to his inventiveness, was attached to the mast of his ship.

**FRANÇAIS:** “écouter des chantes de sirènes”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE :** quand on reçoit de conseils séduisants mais très dangereux.

**ORIGINE :** le chant des Sirènes était fatal aux marins, puisque il les fait tout oublier et se fracasser sur les rochers.

### “SÍNDROME DE CASANDRA”

**GALEGO:** “a síndrome de Casandra”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** úsase cando advertencias, recomendacións ou predicións válidas son desbotadas ou non tomadas en conta.

**ORIXE:** Casandra era filla de Príamo, rei de Troia. Apolo estaba namorado dela, pero Casandra rexeitouno e o seu castigo foi ter o don da adiviñación e non poder ser crida por ninguén.



*Áiax disponse a arrastrar a Casandra agarrada á estatua de Atenea. Copa ática de figuras vermellas. 440-430 a.C.*

**ENGLISH WORD:** “the Cassandra syndrome or complex”.

**CURRENT MEANING:** we use this term when valid warnings, suggestions or predictions are dismissed or disbelieved.

**ORIGIN:** Cassandra was the daughter of Priam, King of Troy. Apollo was in love with her, but Cassandra rejected him and his punishment was to have the gift of prophecy and not be believed by anyone.

**FRANÇAIS:** “jouer les Cassandre”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** ne prédire que des catastrophes.

**ORIGINE:** Cassandre était la fille de Priam et d’Hécube. Elle avait le don de prédire l’avenir mais Apollon la condamne à n’être jamais crue dans ses prédictions.

---

## PROPOSTA DE ACTIVIDADES

1. Indica que significado teñen nestas frases estas expresións de orixe mitolóxica:

- A noiva de Pepe tivo un ataque de ciumes e **púxose como unha harpía**.
- A túa tese parece **a tea de Penélope**.
- María **abriu a caixa de Pandora** e dende aquela todo cambiou na oficina.
- Lucas promete moito, mais paréceme a min que todo son **cantos de sereas**.
- Cando temos que decidir algo Ana sempre é **a mazá da discordia**.

2. Indique avec quel dieu ou personnage mythologique se reliant ces expressions:

- Avoir une voix de Stentor.
- Être una panacée.
- Avoir yeux de lynx.
- Être le parfait amphitryon.
- Toucher le Pactole.
- Être une chimère.

3. Completa estas frases cunha destas expresións de orixe mitolóxica:

**Crerse saído do muslo de Xúpiter; presa do pánico; coller o toro polos cornos; ir de Escila a Caribde; traballo de Sísifo.**

- Estou collendo auga cun caldeiro furado. Isto máis ben parece o .....
- Que petulante é Xoanito. Con eso de que a súa familia é rica el crese .....
- Fun pola noite á festa e cando volvíñ escoitei uns ruídos. Fuxin .....
- Non podes estar sempre deixando os problemas para máis adiante. Tes que .....
- O meu fillo é tremendo. Non sae dunha e xa está noutra. Parece que sempre vai .....

4. Est-ce que tu peux reconnaître les histoires mythologiques qui sont derrière ces images?



5. Contesta verdadeiro ou falso:

Penélope agardaba por Eneas facendo unha tea que desfecía pola noite \_\_\_\_

O bandido Procrustes mutilaba as súas vítimas tras tendelas nun leito de ferro. \_\_\_\_

Medea matou aos seus fillos porque xa non estaba namorada de Xasón e quería facelo rabiar. \_\_\_\_

A cabra Amaltea alimentou a Xúpiter mentres estaba agachado na illa de Lesbos. \_\_\_\_

O santuario de Apolo en Delfos era considerado o embigo do mundo e acudían ata alí xente de todas partes para consultar o oráculo. \_\_\_\_

Pandora foi a primeira muller, mandada modelar por Xúpiter para facerlles un agasallo aos homes. \_\_\_\_

Dioniso naceu do muslo de Xúpiter despois de que a súa nai Sémele morrese por imprudente. \_\_\_\_

6. Que significan estas expresións? Elixo a resposta correcta:

**Síndrome de Casandra**

- a) Falar moito.
- b) Predicir o que vai pasar con moita antelación.
- c) Non ser crida a pesar de ter razón.

**Corno da abundancia**

- a) Que o teu noivo che pon de seguido os cornos.
- b) Disfrutar dunha situación de prosperidade.
- c) Ter cornos en abundancia, como o cervo.

**Risa sardónica**

- a) Unha risa maliciosa.
- b) Unha risa imposible de conter.
- c) Unha risa franca e amistosa.

**Estar en brazos de Morfeo**

- a) Abrazar a Morfeo, o teu novo noivo.
- b) Estar bébedo.
- c) Estar profundamente durmido.

**Ter unha voz estentórea**

- a) Falar moi baixiño.
- b) Ter unha voz profunda e moi resoante.
- c) Gravar unha voz en estéreo.



## BIBLIOGRAFÍA

E. Hamilton, *La mitología*. Ed. Daimon, 1984.

X. F. Ruibal – A. Miramontes Nieto et alii, *De onte a hoxe*. Xunta de Galicia, 1984.

A. Ayuso Calvillo- E. Montero Cartelle, *Latín*. Ed. Akal, 2008.

José Antonio del Río Villaverde, *Mitoloxía Clásica. Lingua e cultura para alumnos de secundaria. Estampas, relatos, palabras e datos*. Xunta de Galicia.

Direccións web:

<http://www.lexilogos.com/>

[www.wordreference.com](http://www.wordreference.com)

<http://books.google.es/>